

Os días eran moito máis longos para Celso e o brillo dos meses ledos avolvíase hora a hora. Rexurdían os intres de neura, amiudaban os xuramentos e as saídas ó bar, minguaba a orde na casa e a paciencia cos rapaces e ata os contactos sexuais con Dori. A sombra da depresión dexergábase ameazante.

-Por que non te vas mirar? Se cadra, con pouca cousa que che dea, axúdache a ilo levando - Dori víao mal de verdade.

-Eu estou ben. Que me vai dicir? Como non me dea traballo na consulta...! A ver se eses lambóns poñen a andar dunha vez a empresa outra vez e se amaña todo, hostia. Na última asemblea falaban diso; a cousa semella que vai en serio. Hai unha proposta de solución con fondos da Unión Europea.

-Pero, mentres, vai ó médico, a ver que che di. Se ves que non te convence, con non facerlle caso, tes feito... Podías ir ó mesmo de Mariano. Mira que ben lle foi! Colleu dous quilos en quince días, e disque sen máis menciñas que unha pastilliña diaria antes do almorzo; para os nervios, seica. Do resto, nada. "O que ten que facer vostede é distraerse moito e traballar menos", disque lle dixo.

-Daquela non é o meu caso.

-Non, home. Trátase de saír, de non cerrarse cada vez máis, que a casa quéimate. E o traballo de Mariano é moi preso tamén, sempre alí metido. Ves moita xente, pero de certo non falas á confianza con ninguén. Eu que sei!

-Daquela ti...? -Celso reorientou a conversa para evitar falar do que non quería nin lembrar, sabedor de que as pastillas que el precisaba non entraban en receita médica nin sequera se vendían na botica.

-Eu véxome ben. Será que as mulleres aturamos mellor o estar suxeitas... A min tampouco non se me facía pesada a casa, ben o sabes.

-Poder pódese probar, pero non creo...

Coma tódolos anos, a Asociación de veciños organizou a mascarada. Unha infantil, o domingo, e outra para grandes, o martes de entroido. Dori e Alicia falaron de que a festa lles viña ó que tal ós respectivos cónxuxes. O doutor repetira para Celso o receitado no seu día para Mariano.

Os homes resistíronse nun principio, pero acabaron por poñer como única condición que non se gastase un peso nos traxes; todo tiña que ser de confección caseira.

O labor caeu máis ben enriba de Alicia, obviamente por ter máis tempo, á parte de que era máis imaxinativa para estas ocasións.

E velaí van as dúas máscaras, coa ilusión de dous rapaces. Mariano, de pantasma, pero á galega -unha saba cos buratos precisos para os ollos, unha pucha na cabeza e un candil vello que atopara no faiado da casa de seus pais, aceso e todo-. Celso, de pirata, co seu pano de lunares na cabeza, retal dunha saia de Alicia, un parche nun ollo, unha camisa branca desabotoada e anoada

nas puntas, peito ó aire, uns bombachos de cores feitos con anacos de blusas vellas e suxeitos cun cinto ben ancho, de explorador, co seu puñal -feito por el mesmo no estaleiro, en horas extraordinarias nocturnas, imitanza dos que tiña un seu amigo colgados na parede, mercados na súa estadía de servicio militar en Toledo.